



Unha andaina pola Matemática 2007

NOME DA MATERIA DE LIBRE ELECCIÓN:

Unha Andaina pola Matemática 2007

DEPARTAMENTO:

Xeometría e Topoloxía (<http://xtsunxet.usc.es/>)

PROFESORADO:

María Elena Vázquez Abal

CENTRO DE IMPARTICIÓN:

Facultade de Matemáticas

TITULACIÓNS RECOMENDADAS:

Matemáticas, Física, Química, Enxeñería e Bioloxía

TITULACIÓNS EXCLUÍDAS:

Ningunha

DESCRIPTORES:

O obxectivo destas conferencias e seminarios é formativo e divulgativo a un tempo. Preténdese mostrar ós asistentes a evolución histórica dalgúns conceptos matemáticos, a importancia e fermosura de resultados clásicos e modernos, así como ás aplicacións dalgunhas teorías básicas, tanto nas propias Matemáticas como na Arte, Arquitectura, Bioloxía, Ciencias Sociais, Enxeñería, Física, Informática, Música, Química ...

Nº DE CRÉDITOS:

3

METODOLOXÍA:

A actividade consistirá nunha serie de 10 conferencias ou seminarios de duración entre 120 e 180 minutos, baixo o nome UNHA ANDAINA POLA MATEMÁTICA 2007, que pretende ter unha continuidade nos seguintes cursos académicos. Celebraránse no curso académico 2006-2007, preferentemente en horario de tarde e na Facultade de Matemáticas.(ver programa).

Os conferenciantes poderán ser profesores de Universidade pero tamén se dará cabida a profesores de ensino medio e profesionais relacionados dalgún xeito coa matemática. Os conferenciantes realizarán un resumo escrito da conferencia co que, ó rematar a actividade, se confeccionará un CD.

CRITERIOS E SISTEMA DE AVALIACIÓN:

A asistencia ás conferencias e ós seminarios será controlada . **Para superar o curso, o alumnado terá que acreditar a súa participación nun mínimo de 9 das 10 sesións, para o que deberá acudir coa súa tarxeta universitaria ás conferencias.**

En canto á cualificación, no curso virtual iranse proponendo actividades e/ou exames en liña con cuestións relacionadas cos temas tratados para matizar a avaliación. Para facilitar a participación, **a conferencia de Papiroflexia realizarase en dúas sesións.** Ó día **05/03/2007** asistirán os alumnos que o seu primeiro apelido estea comprendido entre as letras **A e J (inclusive)** e o día **08/03/2007 o resto dos alumnos.**

O remate da actividade o alumnado terá que cubrir unha enquisa de satisfacción.

Calendario de Conferencias:

26 de febreiro ás 17.00

Aula Magna

"*Fourier* \Rightarrow MP3, GPS, ..."

José M. Martínez Ansemil

Director del Departamento de Análisis Matemático
Universidad Complutense de Madrid

5 e 8 de marzo ás 18.00

Aula Magna

O día **05/03/2007** asistirán o alumnado que o seu primeiro apelido estea comprendido entre as letras **A e L** (inclusive) e o día **08/03/2007** o **resto do alumnado**
"PAPIROFLÉXIA Y MATEMÁTICAS: POLIEDROS ESTRELADOS"

Covadonga Blanco García, Fernando Lazo Pérez e

María Teresa Otero Suárez,

Departamento de Matemáticas

Universidade da Coruña

Colexio Manuel Peleteiro

Santiago de Compostela

I.E.S. Antonio Fraguas

Santiago de Compostela

Membros da Asociación Española de Papiroflexia

12 de marzo ás 17.00

Aula Magna

"TRES PROBLEMAS FAMOSOS"

Manuel Ladra González,

Departamento de Álgebra

Universidade de Santiago de Compostela

26 de marzo ás 17.00

Aula Magna

"MATEMÁTICAS E BIOLOXÍA: INTERACCIÓN PASADAS, PRESENTES E FUTURAS"

Jose A. Alvarez Dios

Departamento de Matemática Aplicada

Universidade de Santiago de Compostela

16 de abril ás 17.00

Aula Magna

"SORPRESAS E DESENGANOS"

Marta Macho Stadler

Matematika Saila

Euskal Herriko Unibertsitatea

(Departamento de Matemáticas

Universidade do País Vasco)

23 de abril ás 17.00

Aula Magna

"A XEOMETRÍA DE MEMBRANAS E VESÍCULAS"

Oscar J. Garay

Matematika Saila

Euskal Herriko Unibertsitatea

(Departamento de Matemáticas

Universidade do País Vasco)

7 de maio ás 17.00

Aula Magna

"AS MATEMÁTICAS GREGAS: NACIMIENTO E MADUREZ DUNHA CIENCIA"

María Teresa Amado Rodríguez,

Departamento de Latín e Grego

Universidade de Santiago de Compostela

14 de maio ás 17.00

Aula Magna

"ARTE E NATUREZA: UNHA VISIÓN XEOMÉTRICA"

Encarnación Reyes Iglesias

Departamento de Matemática Aplicada

Universidad de Valladolid

21 de maio ás 17.00

Aula Magna

"AS ECUACIONES: DE BABILONIA ÓS SISTEMAS DE ÁLXEBRA COMPUTACIONAL"

Mario Rodríguez Riotorto

I.E.S. María Sarmiento

Viveiro-Lugo

4 de xuño ás 17.00

Aula Magna

"XEOMETRÍA PARA ENTENDER O UNIVERSO"

Alfonso Romero Sarabia

Departamento de Geometría y Topología

Universidad de Granada